


Resumo en lectura
fácil da obra de teatro



SERVA ME SERVABO TE

Belén Bouzas, Diego M. Buceta e Fran Martínez
son os directores e escritores desta obra.



Índice

Que é este documento?.....	páxina 4
O Centro Dramático Galego.....	páxina 4
A obra de teatro Serva me, servabo te	páxina 5
As actrices e os actores.....	páxina 6
Que nos conta esta obra de teatro?.....	páxina 7
Como é o escenario?.....	páxina 8
Canto tempo dura a obra de teatro?.....	páxina 9

Que é este documento?

Este documento é o programa de man dunha obra de teatro.

Un programa de man dunha obra de teatro é un documento que recolle información sobre esa obra por exemplo, o nome dos personaxes ou o tema da obra de teatro.

O título desta obra de teatro é **Serva me, servabo te.**

O Centro Dramático Galego

O Centro Dramático Galego organiza esta obra de teatro.

O Centro Dramático Galego é unha compañía de teatro.

As compañías de teatro son un grupo de persoas que fan obras de teatro.

O Centro Dramático Galego fai obras de teatro en galego.

O Centro Dramático Galego é da Xunta de Galicia e comezou a traballar no ano 1984.

Está no Salón Teatro.

O Salón Teatro está na Rúa Nova en Santiago de Compostela.

O Centro Dramático Galego organiza:

- Obras de teatro de escritoras e escritores galegos.
- Obras de teatro de escritoras e escritores importantes de todos os países.
- Obras de teatro para nenas e nenos.

O Centro Dramático Galego quere que todas as persoas poidan ir ao teatro.

Tamén quere que as persoas coñezan os profesionais que traballan nas obras de teatro.

A obra de teatro **Serva me, servabo te**

O título desta obra é **Serva me, servabo te**.

Estas palabras están en latín.

Significan axúdame e eu axudareiche.

Na obra de teatro **Serva me, servabo te**
os actores e actrices non utilizan palabras.

As actrices e actores desta obra
exprésanse cos movementos do seu corpo,
cos seus xestos e con sons.

Nesta obra de teatro
actores e actrices contan a historia cos seus corpos.

Belén Bouzas, Diego M. Buceta e Fran Martínez
son os directores e escritores desta obra de teatro.



Belén Bouzas, Diego M. Buceta e Fran Martínez


As actrices e os actores



Olga Cameselle




Bal Castro



Raquel Crespo



María Llanderas



Cris Vilariño

Que nos conta esta obra de teatro?

O título desta obra de teatro é **Serva me, servabo te.**

Estas palabras están en latín.

Significan axúdame e eu axudareiche.

Esta obra de teatro fala de que é importante
que as persoas nos axudemos unhas a outras
para soportar as dificultades da vida.

Fala do amor entre as persoas
pero tamén da violencia entre as persoas.

A obra de teatro tamén conta
que todas as persoas somos iguais.
Todas as persoas temos un corpo.
Un corpo forte pero tamén fráxil.

Como é o escenario?

O escenario desta obra de teatro ten poucos obxectos.

Ao principio da obra podes ver no escenario unha luz en forma de medio círculo e unha cortina de cintas.

Durante toda a obra o escenario ten pouca luz.

Ás veces podes ver imaxes proxectadas no escenario.



Canto tempo dura a obra de teatro?

Esta obra de teatro dura unha hora.







Adaptación á lectura fácil:

Texto redactado segundo as pautas de lectura fácil de Inclusion Europe e a norma UNE 153101 EX por FADEMGA Plena inclusión Galicia.

Adaptación realizada por FADEMGA Plena Inclusión Galicia. Programa de Cidadanía Activa e Accesibilidade cognitiva subvencionado pola Xunta de Galicia (Programas IRPF)



Validación:

FADEMGA Plena inclusión Galicia

Logotipo europeo de lectura fácil na portada

© Inclusion Europe

Máis información en www.inclusion-europe.org/etr

